

Xogos interactivos escolares



[1]

Xogo de Asociar (3 a 6 anos): diríxese aos escolares de Educación Infantil, capacitándoos para que logren identificar os distintos tipos de residuos cos correspondentes contedores de destino.



[2]

Xogo de Secuencias (6 a 12 anos): oriéntase aos alumnos de Educación Primaria coa pretensión de que estes logren interiorizar o circuito que os refugallos deben percorrer dende que se producen ata que son reciclados ou valorizados enerxeticamente no complexo medioambiental de Sogama, en Cerceda (A Coruña).



[3]

Xogo de Toma de Decisións (12 a 16 anos): o seu público obxectivo son os estudantes de Educación Secundaria e a súa fin non é outra que promover a reflexión dos mozos e mozas en torno aos hábitos de consumo e compras responsables, decidindo que debe facerse cos residuos xerados e avaliando as consecuencias das súas accións.



[4]

Compostaxe doméstica: Experiencia Stop Motion: con este xogo, os usuarios teñen a

Xogos interactivos escolares

Published on Sogama (<http://www.sogama.gal>)

oportunidade de construír unha historia vinculada á compostaxe doméstico e elaborar o seu propio vídeo, utilizando para isto os recursos ofertados (elementos, obxectos, personaxes e situación que formarán parte do mesmo). O obxectivo último da aplicación é coñecer as vantaxes medioambientais, económicas e sociais da autocompostaxe.



[5]

Comer si, tirar non!!!: Campaña promovida por Sogama e orientada a reducir o desperdicio alimentario no fogar. Un terzo dos alimentos que se producen no mundo para o consumo humano acaban desperdiciados, dando lugar a un problema con serias consecuencias ambientais, económicas e sociais



[6]

Separa para reciclar: con este xogo, os máis pequenos e os non tan pequenos, aprenderán dunha maneira interactiva, a reciclar residuos por medio dos contedores de recollida selectiva.



Source URL: <http://www.sogama.gal/gl/info/xogos-escolares>

Ligazóns

- [1] <http://www.sogama.gal/gl/info/xogo-de-asociar>
- [2] <http://www.sogama.gal/gl/info/xogo-de-secuencias>
- [3] <http://www.sogama.gal/gl/info/xogo-de-toma-de-decisions>
- [4] <http://www.sogama.gal/xogos/stopmotion/index-gl.html>
- [5] <http://www.sogama.gal/xogos/tirar/>
- [6] <http://www.sogama.gal/videoxogo/sogama.php>

